

**PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES**

**IES MARÍA SOLIÑO
CURSO 2023-2024**

INTRODUCCIÓN

As actividades complementarias e extraescolares que o IES María Soliño pretende ofrecer ao noso alumnado é un complemento educativo en campos tales como habilidades sociais, lecer saudable, educación en valores, coñecemento da contorna e da historia da realidade próxima, etc., nun marco aberto ao resto da comunidade, de tal maneira que favorezan o desenvolvemento de vínculos sociais e educativos. A personalidade non só comporta a formación puramente académica, senón as facetas corporal, afectiva, social e ética-moral. O papel do educador non estriba meramente en formar mozos/as intelectualmente, senón en educalos integramente, fomentando os valores e principios encamiñados a potenciar determinadas actitudes para conseguir cidadáns plenos que participen activamente na sociedade, para conseguir así mellorar a calidade de vida de todos.

1 OBTETIVOS XENERALES DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Estas actividades constitúen un factor enriquecedor na educación do noso alumnado pois amplía a súa formación en diferentes facetas da súa personalidade e favorecendo a convivencia tanto entre os propios alumnos e alumnas como entre o profesorado e con outras persoas ou entidades de interese cultural.

Corresponde á Vicedirección , (Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares) promover, coordinar e organizar un Plan Xeral de Actividades extraescolares e complementarias. Para confeccionar o devandito Plan Xeral de actividades, ao comezo do curso, os diversos Departamentos entregarán, xunto coas programacións didácticas xerais, unha programación específica sobre as Actividades Complementarias e Extraescolares previstas para o curso.

2 OS OBTETIVOS fundamentais a conseguir son:

- 2.1 -Dinamizar a vida do centro e crear un clima escolar motivador e saudable.
- 2.2 -Favorecer a formación integral do alumnado ampliando o seu horizonte cultural, e interesalo no seu propio proceso educativo.
- 2.3 -Preparar ao alumnado para a inserción na sociedade.
- 2.4 -Desenvolver o seu espírito crítico.
- 2.5 -Lograr a súa implicación no ámbito da cultura.
- 2.6 -Fomentar un clima de cordialidade entre todos os membros da Comunidade Escolar.
- 2.7 -Promover na Comunidade Educativa o sentido da responsabilidade e a colaboración; e favorecer unha maior participación e interacción de todos os sectores da comunidade escolar e da contorna
- 2.8 -Potenciar no centro os grupos estables de participación en actividades, e promover outros novos.
- 2.9 -Facilitar o acceso á práctica de actividades deportivas ou culturais que, a priori, sexan inalcanzables para o alumnado por cuestións sociais ou económicas.

3 COMPETENCIAS CLAVE

Desde o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares contribúese, xunto cos diferentes departamentos, á adquisición de competencias básicas achegando unha perspectiva máis lúdica e motivadora. Os diferentes tipos de actividades complementarias e extraescolares contribúen á adquisición das competencias:

- 3.1 Comunicación lingüística (CL): Favorecendo o diálogo, o intercambio de puntos de vista, a realización de traballos e exposición dos mesmos, contemplando que comunicarse está presente na capacidade efectiva de convivir. En calquera tipo de actividade o alumnado terá que utilizar a linguaxe como ferramenta de comprensión, terá que escoitar, expoñer e dialogar, e estas son accións que reforzan as habilidades comunicativas dos alumnos e alumnas. De forma moi especial os proxectos relacionados coa Biblioteca, o plan de Comunicación lingüística, de Animación á Lectura, etc.
- 3.2 Competencia matemática e as competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCT) Refórzase na medida na que o alumnado se enfrenta a situacións nas que necesite aplicar estratexias de resolución de problemas e de selección de técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible. Preparación de diversas actividades tales como viaxes culturais, Olimpíadas de Matemáticas, visitas culturais, etc.
- 3.3 Competencia dixital (CD) Mediante a preparación e posterior tratamento informático da información recollida en diferentes actividades extraescolares, charlas e talleres sobre o uso responsable das TIC. E onde utilice os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de forma eficiente, e de que o faga con soltura e naturalidade, aceptando as innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo.
- 3.4 Aprender a aprender (AA) Implica ser consciente das propias capacidades e coñecementos, ademais de ser capaz de establecer estratexias, e manexar de forma eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual. As actividades relacionadas con manifestacións artísticas favorecen a experimentación creativa e a toma de conciencia das propias capacidades e a aceptación dos erros para seguir mellorando; as deportivas, favorecen a adquisición de habilidades tácticas e estratéxicas, así como dos recursos necesarios para planificar actividades físicas de forma que o alumnado sexa capaz de aprender en por si a regular a súa práctica de deporte no futuro.
- 3.5 Competencias sociais e cívicas (CSC) Foméntase a través da participación na xunta de Delegados e Delegado culturais, creación de comisións de alumnado (Solidariedade e Igualdade, Saúde e medioambiente...), a organización de actividades durante os recreos e días específicos; participación nas actividades propostas polos Departamentos Didácticos, ou por outras entidades. Calquera tipo de actividade que se realice en grupo contribuirá á adquisición de habilidades sociais por parte do alumnado que lle permitan participar activa e plenamente na realidade social na que vivimos.
- 3.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE) Foméntase a través da superación, perseveranza e actitude positiva ante os retos; así como tamén á constante adaptación a novas contornas e ferramentas mediante o estímulo da

iniciativa do alumnado.

- 3.7 Conciencia e expresión cultural (CEC) Favorecerá en maior ou menor medida na adquisición desta competencia as actividades programadas tales como concursos en relación a diferentes disciplinas artísticas: textos, de fotografía, cinema, lectura, debuxo, actividades plásticas, etc. Estas actividades promoven no alumnado unha actitude aberta cara ás distintas manifestacións artísticas, o desexo de cultivar a propia capacidade creadora e o interese por participar na vida cultural. Desenvólvese mediante as actividades que levan a cabo durante as visitas a centros históricos, museos, exposicións, teatros, cinemas, concursos de postais do Nadal, talleres de manualidades, etc. .

4- PLANIFICACIÓN

Os departamentos didácticos propoñen nas súas programacións didácticas diversas actividades complementarias e extraescolares que contribúen a reforzar e contextualizar a aprendizaxe e o enfoque global de todas as disciplinas. A través dos diferentes plans, proxectos e programas solicitados pretendemos brindar maiores oportunidades ao noso alumnado.

En todo momento, tratamos de desenvolver unha metodoloxía colaborativa e interdisciplinar, atendendo especialmente ao alumnado máis vulnerable.

Desde a vicedirección, coordinarase a realización das actividades complementarias e extraescolares do xeito máis funcional posible, informando da vida do noso centro á comunidade educativa. Para isto, poderemos atopar na web do instituto, apartado vicedirección, todas as novidades, documentos e información.

Diferenciamos entre actividades complementarias e extraescolares:

- Considéranse actividades complementarias as actividades organizadas polo centro durante o horario lectivo, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan. Como visitas, conmemoracións, viaxes etc.

- Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos a ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario para o alumnado e o profesorado.

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou titores/as sempre que se desenvolvan fóra do centro.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Só poderá ser privado de participación nas actividades aquel alumnado sancionado por faltas contrarias á convivencia ou se, durante a realización da actividade, o seu comportamento non fose compatible coas características específicas da actividade.

DESEÑO E PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

Á hora de deseñar as actividades complementarias teremos en conta os seguintes aspectos:

- Intentarase unha distribución equilibrada ao longo dos trimestres.
- É importante ter en conta, como punto de partida, a memoria específica do curso anterior.
- Ser adecuadas ao nivel educativo correspondente.
- Ser respectuosas, non discriminatorias e que non perpetúen os estereotipos de roles de xénero, da inmigración, dos diferentes usos lingüísticos, da identidade e orientación sexual, da liberdade relixiosa, das minorías ou de calquera outra.
- Será necesaria a información previa á Vicedirección, coa suficiente antelación para a reorganización dos horarios do modo máis axeitado para o funcionamento do centro.
 - Sempre que se poida, evitarase a realización de actividades complementarias nas dúas semanas previas á avaliación.
 - Como mínimo os profesores acompañantes serán un por cada vinte alumnos e alumnas.
 - As familias cubrirán unha autorización para todas as actividades programadas fóra do centro e se informará á Inspección.
 - O alumnado que non acuda a algunha actividade quedará perfectamente atendido polos docentes que desde a xefatura de estudos se estableza.
 - Intentar que o custo das actividades sexa o mínimo posible para as familias, evitando que a súa realización poida supor unha discriminación polo custo das mesmas ou que agraven a desigualdade socioeconómica daquelas máis vulnerábeis. Hai que ter en conta que a situación do centro fóra do núcleo urbano implica a necesidade de contar con transporte para calquera actividade.
 - Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Só poderá ser privado de participación nas actividades aquel alumnado sancionado por faltas contrarias á convivencia ou se, durante a realización da actividade, o seu comportamento non for compatíbel coas características específicas da actividade.

5- CADRO DE ACTIVIDADES

Desde o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares xunto con Dinamización Lingüística, e a Biblioteca traballárase a dinamización e posta en marcha dun banco de actividades que se celebrarán en datas sinaladas e que contarán coa participación de todos os departamentos do centro.

Tamén hai unha serie de obradoiros e charlas de orientación educativa e profesional organizadas en colaboración co departamento de Orientación

DATA	ACTIVIDADE
1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ✓ SAMAÍN E MAGOSTO Lectura de contos de medo (organizado pola Biblioteca) Concurso de epitafios(Dinamización lingüística) Obradoiros de maquillaxe de medo. Obradoiros de marcapáxinas Xogos tradicionais organizados pola alumnado do Ciclo. ✓ Obradoiros para o alumnado de 1º e 2º Bacharelato para o xestión do estrés, sobre todo en época de exames. ✓ Obradoiros impartidos polo Concello de Cangas sobre prevención de ✓ drogadición, habilidades sociais e sexualidade para o alumnado da ESO. ✓ Día contra a Homofobia (20 novembro) ✓ Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro). Realizaranse distintas actividades de concienciación no centro ✓ Charlas do Ministerio Sanidade sobre a adicción a novas tecnoloxías. ✓ Xornadas interculturais: preparación e degustación de comidas típicas de distintas culturas. (biblioteca) ✓ Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro) ✓ Charlas sobre Igualdade para 1º e 2º ESO ✓ Festival de Nadal e concurso de murais ✓ Torneos deportivos nos recreos
2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Obradoiros impartidos polo Concello de Cangas sobre prevención de drogadición, habilidades sociais e sexualidade para o alumnado da ESO. ✓ Celebración do Día de Rosalía. (Dpto. Gal) ✓ Celebración do Entroido. Concurso de disfraces. ✓ Celebración do día da muller traballadora. ✓Charlas de orientación educativa e profesional para alumnado de Bacharelato SO (Dpto. Or.) ✓ A Olimpíada de Biblioteca (organizada pola Equipo de biblioteca) ✓ Torneos deportivos nos recreos ✓ Obradorios de xestión do estrés para alumnado de Bacharelato.

3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Participación do alumnado do Obradoiro de Teatro María Soliño na Mostra de Teatro Escolar do Morrazo. (Este curso celébrase a XXVI edición e terá lugar no Colexio San Narciso de Marín) ✓ Torneos deportivos nos recreos ✓ A Conmemoración de datas sinaladas como o Día do Libro, Día da Poesía, Día do Medio ambiente etc. ✓Exposición das obras do alumnado de Artes no Auditorio de Cangas. ✓ Conmemoración do Día das Letras Galegas, 17 de maio. ✓ Festa de Gradación do alumnado de 2º Bach. ✓ Festa de fin de curso ✓ Torneo de fútbol con outros institutos dos concello ✓ Festival de curtametraxes. ✓ A Conmemoración de datas sinaladas como o Día do Libro, Día da Poesía, Día do Medio ambiente etc. ✓Exposición das obras do alumnado de Artes no Auditorio de Cangas. ✓ Conmemoración do Día das Letras Galegas, 17 de maio. ✓ Festa de Gradación do alumnado de 2º Bach. ✓ Festa de fin de curso ✓ Torneo de fútbol con outros institutos dos concello ✓ Festival de curtametraxes.
--------------	--

Entre as ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES temos

1.- Excursións de mais dun día :

- Viaxe cultural a Madrid para o alumnado de 2º Bacharelato de Humanidades de Ciencias Sociais en decembro. (Pendente de confirmar)
- Digital Week: actividade de inmersión lingüística en inglés para alumnado de 3º ESO. (novembro)
- Viaxe a Andorra do alumnado de 3º ESO e 1º de Bacharelato do sábado 20/01/24 ao sábado 27/01/2024. (Departamento de Educación Física, coa colaboración de)
- Viaxe á neve do Ciclo Formativo. Viaxe a Andorra na última semana de xaneiro.
- Excursión de fin de ciclo para 4º de ESO. Realizarase entre o 15 e o 19 de febreiro e o destino será Roma.
- Intercambio con Polonia: datas todavía sen determinar.
- Spring Week: actividade de inmersión lingüística en inglés para alumnado de 4º ESO. (abril)
- Viaxe Londres do alumnado de 4º da ESO das seccións bilingües. Terá lugar no mes de xuño

2.- Saídas curtas, dun día como máximo (moitas delas aínda están pendentes de confirmar e irán xurdindo según cheguen ao centro as ofertas. As máis frecuentes son saídas a representacións teatrais ou charlas divulgativas.)

1º TRIMESTRE

- Xornada de convivencia para o alumnado do ciclo formativo organizada polo departamento de Educación Física.
- Visita á Escola Naval de Marín. Alumnado de STEMBach(Dep. Física e Química)
- Visita oa parque arqueolóxico de Campolameiro para o alumnado de 1º de ESO (Dep. Xeografía e Historia).
- Asistencia á algunha representación teatral no Auditorio de Cangas. Alumnado de 3º de ESO e 1º Bach. (Dep. Lingua Castelá)
- Participación nos obradoiros e no certame de Regueifas do Morrazo. Alumnado de 3º ESO (Dep Lingua Galega)
- O alumnado do Club Manga asistirá en Vigo á estrea dunha película de animación.

2º TRIMESTRE

- Asistencia a unha representación en francés polo grupo "La Boheme" no Auditorio de Cangas, alumnado de Francés.
- Asistencia a charlas científicas na Aula Aberta á Tecnoloxía (Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo). go).Alumnado de STEMBach(Dep. Física e Química)
- Visita ás instalacións dalgunha factoría ou centro de investigación da comarca. (Dep Tecnoloxía)
- Asistencia a conferencias de divulgación científica no Auditorio de Cangas (dep. de Bioloxía)
- Visita ás instalacións dalgunha escola de audiovisuais da comarca. (Dep Tecnoloxía)
- Celebración da "**Chandeleur**" (Candelaria) con 1º, 2º, 3ºESO e 1ºBach. (Dep. Francés)
- Visita aos museos científicos de Coruña (Casa das Ciencias, Domus, Aquarium Finisterrae) dentro do programa inclue T, co que colabora parte dos membros do departamento. Para alumnos de 3º de ESO. (Dep. Física e Química e Bioloxía)
- Participación nas charlas didácticas do programa APONTE da USC. 4º ESO e bacharelato. (Dep.

Bioloxía)

- Asistencia a unha representación teatral no Auditorio de Cangas. Alumnado de 4º de ESO e 1º Bach. (Dep. Filosofía)

•

3º TRIMESTRE

- Asistencia á Mostra de Teatro do Ensino polo alumnado de AAEE
- Participación no Proxecto Terra con saída a Allariz (2º ESO) (Dpto. de Física e Química e Dpto de Xeografía e Historia)
- Saída dun día a Portugal co alumnado de Portugués de ESO (Dep Lingua Galega)
- Andaina ao recinto arqueolóxico do Monte Facho para o alumnado de Cultura Clásica de 3º ESO e Latín 4º ESO
- O alumnado do Club Manga participará en Coruña na ExpOtake no mes de maio.

DATA SEN DETERMINAR

- Visitas do alumnado de bacharelato STEM á Universidade de Vigo. (Dep. Física e Química)
- Saídas aos arredores do centro para a observación e estudo do medio natural: todos os grupos. (Dep. Bioloxía)
- Visita ao Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela, para o alumnado de 1º de ESO. (Dep. Bioloxía e Física e Química)
- Participación nun campeonato de robótica ou relacionado cos sistemas automáticos.
- Realización de varios murais en distintos colexios e prazas do Concello polo alumnado de 1º e 2º Bacharelato de Artes.

Cangas. 07 de novembro do 2023

Asdo.: Susana Otero García

Vicedirección